



# PASEOS POLA PONTEVEDRA LITERARIA 2024

FINA CASALDERREY  
ONDE AS PEDRAS TEÑEN ALMA



asociación de  
**escritoras  
escritores**  
en lingua galega  
[www.aelg.gal](http://www.aelg.gal)

## ONDE AS PEDRAS TEÑEN ALMA

Fina Casalderrey, 2024

—De acordo, mañá a primeira hora. Pero onde quedam...

[...]

—Onda “a fonte” parécese xenial nesta vila que dá de beber a quen pasa, pero é que fontes en Pontevedra hai moitas...

[...]

—Non quero ser puntillosa nin melindrosa, pero é que fontes de ferro fundido temos catro! E iso sen contar unha quinta á que se lle descoñece o paradoiro. Dúas delas viñeran de París en 1887. Logo, dende o concello encargáronse tres máis, idénticas ás francesas, na fundición “La Industriosa” de Vigo; pero xa che digo, só se colocaron catro e...

[...]

—Tes razón, non caera na conta! Xunta a que está na Avenida de Santa María, fronte do hotel no que te hospedas. Mañá, arredor das dez, paso recollerte. Aproveita ben o almorzo que nos imos mover.

[...]

—A toda présa, non! Pontevedra hai que a beber a grolos, paseniño, en silencio ou en conversa... –igual que degustamos un bo viño–, explorando rúas e prazas, descubrindo illas e pontes... Só na cidade, entre a Ponte da Palabra e a Ponte da AP-9, hai oito pontes máis! Porén, se só traes un par de días, a ver que podemos facer...

[...]

—Perfecto! Vémonos mañá. Descansa.

Desculpen que comece este paseo pola miña cidade partindo dun suposto: se unha amiga foránea visitase por primeira vez Pontevedra e eu tivese que a acompañar nese primeiro contacto coa vila, por onde comezaríamos a gozala? Que lle contaría?

Calquera emprazamento do casco antigo podería servir de punto de partida para un inicial percorrido por esta nosa vila, por algo se converteu en modelo de cidade ideal en Europa. E, dado que Pontevedra forma parte da miña memoria sentimental dende a infancia, posiblemente as tatuaxes que o tempo foi gravando na epiderme da miña alma, agromasen sen remedio, provocando inevitables digresións.

Fantasío en que estamos ambas as dúas, a miña amiga e mais eu, na Praza da Pedreira, poño por caso, sentadas nun banco de pedra mirando cara ao fermoso Pazo barroco de Mugartegui, repoñendo folgos despois dun paseo pola Illa das Esculturas... Cóntolle que a finais do s. XIX a praza enchíase de comerciantes maragatos. Descargaban gorras e chapeus, mantas, fardos de la, peles, garavanzos, galletas, louza...

e marchaban cos carros ateigados de liño, coiro, peixes e mariscos. Tamén levaban as cartas que lle encomendaba a veciñanza. Os pontevedreses confiaban nos maragatos coma carteiros, velaquí un argumento novelesco. Desvéllolle que a Praza lle debe o nome aos canteiros da vila e que alí mesmo prepararan a pedra coa que ergueron o fermoso pazo no s. XVIII. Inevitablemente, xorden algunhas aventuras do meu cotián e, cruzando ríos de distancia, engado:

Neste pazo de Mugartegui, a comezos dos anos sesenta había unha academia, a academia Jovellanos. Nela prepareime para o ingreso no instituto; e moitos anos despois, en 2009, dende o fermoso balcón dei o pregón que abriu as festas grandes, as Festas da Divina Peregrina. Por certo, canta razón leva Mario Benedetti nun dos seus *Poemas del Alma*, onde fala da percepción do mundo na nenez: “un charco era un océano”. Lembro unha Alameda ateigada de atraccións variadas, recendo aos churros dos Galiano, a ledicia, as tómbolas... Eu, cos meus zapatos de charón –ben cumpridos, tiñan que aguantar algunhas medras–, extasiada perante a tómbola *El Cubo*, examinando con ollos prendidos de luz canto había nos andeis daquel océano: bicicletas, bonecas, guitarras, lámpadas, tarteiras... Alí concentrábanse todos os tesouros do universo! Se fosen meus –pensaba–, tería asegurado un mundo feliz de por vida. As festas da Peregrina, esas si que eran xigantes! Non lles chegaría a nada o adro da igrexa de Santo André de Xeve –onde nacín– e mais o do mosteiro de Lérez –onde me criei e vivo na actualidade– xuntos!

Continúo imaxinando...

Erguémonos do banco e imos cara ao vello pazo dos Mariño de Lobeira. Atravesamos o pequeno túnel, xiramos á esquerda e, mentres lle sinalo os dous escudos coas sereas, os lobos, a estreliña..., revélolle que nese pazo morreu o cabaleiro Tristán de Montenegro no s. XV, despois de chegar alí ferido de morte por unha espingarda. Coméntolle que na serea dos Mariño inspirouse Castelao para deseñar a que aparece no emblema da bandeira e do escudo galeguista; a mesma que se atopa no lateral dereito da Capela Maior de San Francisco. E, igual que a miña entrañable veciña, Margarita –a que me abastece de ovos da casa, que é quen de enlazar, sen perder o fío que a devolve ao comezo da conversa, unha historia tras outra, e outra, e outra máis...–, cóntolle que en San Francisco está enterrado o poeta do mar Paio Gómez Chariño porque así o dispuxeron os seus herdeiros, que por algo colaboraran economicamente na construción franciscana; e, para darlle máis veracidade á miña afirmación, declamo:

*Ás frores do meu amigo  
Briosas van no navío.  
E vanse as frores  
Daquí ben cos meus amores.*

E enfío con que a porta exterior do que foi convento de San Francisco foi antes porta de San Domingos, a única da vella muralla que se conserva. Enlazo cos xardíns de Casto Sampedro, a carón da igrexa; fálolle deste filántropo que termou da emblemática fonte que ocupa o centro, despois de –arrincada do sitio orixinal, na Praza da Ferrería–, converterse nun montículo de pedras que se amoreaban nas ruínas de San Domingos. Decátome de que avanzo a saltos e regreso ao pazo dos Mariño, onda as sereas... Sinalo un daqueles portais pechados e, de novo, prendo nas miñas tatuaxes:

Aquí acompañaba eu a miña nai cando viña dende Lérez co seu fardo de cadros na cabeza. Nel traía seis ou máis columnas de camisas, perfectamente dobradas, que unha tal Rosalía supervisaba, unha por unha, antes de as enviar ao Porriño. Aínda me parece estar vendo todas as veciñas á sombra dunha parra, arredor dunha radio... Era a hora de lles facer os ollais á man, de lles coser os botóns, ou mesmo de lles dar a volta aos colos e puños coa punta das tesoiras para, máis tarde, pasarlles o pespunto. Era o rito sacro da radionovela e non se podía facer ruído coa máquina de coser.

Subimos, deseguido, cara á Casa do Arco, a do magnolio xigante, onde viviu Casto Méndez Núñez, o almirante da fragata Numancia, cuxo camarote ten unha réplica no Museo da cidade. Cóntolle que, anos despois, na mesma casa viviron os irmáns Xoán e Andrés Muruais. Fálolle dos parladoiros que alí tiñan lugar entre os intelectuais de finais do s. XIX, comezos do XX. Da espectacular biblioteca de Xesús... Por ter, ata tiña revistas de destape chegadas de Francia. Un dos asiduos era Valle-Inclán, de aí que apareza a súa estatua na praza... Cóntolle dese mítico can negro enorme e fero, o Urco, que anunciaba malos presaxios, recuperado para o entroido pontevedrés por Andrés... E volven inevitablemente as digresións persoais:

Ves esoutras casas brasonadas da praza? Por esas escaleiras de pedra entrábase á academia Cervantes. E alí, preto dos pequenos soportais do final da Rúa Sarmiento, estaba a academia Helenes onde xurdiron algunhas das miñas aventuras adolescentes: á saída, de cando en vez iamos importunar desapiadadamente as parellas que conxugaban o verbo amar nalgún recuncho escuro das Palmeras ou escribiamos cándidas cartas de amor – quizais as primeiras “prácticas literarias”– suplantando a personalidade dalgunha moza belida de Pontevedra, que lle enviabamos ao fillo de don Xosé Buela, a quen tiñamos por un atractivo galán. Recordo excelentes profesores: don Ignacio, dona Clara, a Clavijo...

Volvo literalmente a vista atrás e penso que quizais, antes de avanzar cara a Rúa Real, deberíamos ir á Praza da Leña, tantas veces representada, onde están dous dos sete espazos que compoñen o impresionante Museo. Fálolle do emblemático Cruceiro que Castelao recompuxo no seu día pedra a pedra, quería debuxalo, que estivese no seu libro

*As cruces de pedra na Galiza.* Cóntolle que se trata do mesmo cruceiro que no s. XV se erguía no medio e medio da Ponte do Burgo... Coido que de camiño deberíamos deternos na Praza da Verdura e contarlle que aquel edificio de fronte era a Fábrica da Luz, e presumir de que Pontevedra foi quizais a primeira vila galega en gozar de luz eléctrica, en 1888. Porén, desisto de retroceder e continuamos polos pequenos soportais que desembocan na Rúa Real. Real, de “rego”, non de “rei”. E volven as parénteses:

Aquí estaba a de Ríos, un ultramarinos no que mercabamos os bocadillos máis exquisitos do mundo: de mexillóns en escabeche, de bonito con pementos morróns, de xoubiñas... que extraían daquelas latas redondas xigantes coma océanos...

Decátome que non podo determe tanto nas lembranzas persoais. Só ten un par de días! A Pontevedra nobre e fidalga, artesá e mariñeira, é pequena, pero intensa; ben podería ser pano de fondo de novelas históricas, románticas, surrealistas, costumistas, políticas, de piratas, de mariños, de mariñeiros... Exemplos temos: a *Boapedre* de Xosé Vázquez Pintor, unha vila de beiramar e río, que non é outra máis ca Pontevedra que aparece en *Memoria do Boi*. Na obra de Víctor F. Freixanes tamén aparece reflectida co nome de Vilanova de Alba... Esa sedución foi a que instou a Gonzalo Torrente Ballester a escribir *La saga/fuga de J. B.*

Éntranme ganas de lle contar que, en 1964, Torrente dérame clase de Lingua, no bacharelato; e mesmo tentar demostrarlle que a frase que aparece gravada nunha pedra dende que a AELG me concedeu a honra da Letra E, de Escritora, é sincera, real; que vila e río transitan polos meus mundos oníricos inevitablemente. E de lerlle fragmentos de textos propios onde Pontevedra se chama *Filla das Ondas*, Ponteburgo do Río... para demostrarllelo:

Achégase ao lado sur do adro, sempre lle gustou a paisaxe do río dende esa perspectiva. As pontes, a illa das Esculturas... Polo San Bieito do verán, un fervedoiro de cores cubría noutroira os terreos da outra beira do Lérez. Alí, a un lado e outro da ponte do tren, destacaban os manteis de cadros, o son das gaitas, o recendo a polbo e a empanadas... Centos de romeiros pasaban o día na outra beira do río. Os maiores atravesaban en barca, á rapazada gustáballe acceder pola vía do tren, non só por aforraren os cartos do barqueiro senón polas emocións que iso supoñía.

Un mercancías atravesa a ponte cara ao túnel, tamén atravesa os pensamentos de Vicente...

Dende que un día do San Bieito o tren levara por diante varias persoas que pretendían pasar á outra beira pola vía, o maquinista ten a obriga, cada 11 de xullo, de amainar a marcha e pitar con enerxía antes de chegar á ponte. Para o Vicente neno e os outros rillotes, o risco que supoñía que o tren os puidese pillar no medio e medio do viaduto, facía máis atractiva a súa fazaña. Adrede, agardaban o asubío, agarrábanse con forza á

varanda para, ao pasar o convoi, sentiren ese vendaval que lles sacudía as roupas e as emocións todas. (A **coidadora de outonos. Editorial Elvira**)

[...]

*Son as tres da madrugada e estoulle a escribir á luz dunha candeia, silandeira coma unha rata. Non son quen de durmir e decidín falar con vostede, que este “falar” non me delata e non creo que aquí se me permita máis ca rezar polo día e durmir pola noite.*

*Estou, miña nai, na cela que me asignaron, pero tampouco non se impresione de máis que non me refiro ao cuarto dun cárcere. De feito, non me puxeron un xergón de follato, teño un colchón de espuma coma a xente!, así que non terei que andar cada día a meter as mans polas aberturas para remexer as follas secas de mazaroca coma na casa.*

*Dende a miña cela vense alá ao fondo uns claustros, diante hai uns xardíns preciosos e iluminados, cheos de camelias, de mirtos e de dalias. Contra a esquerda érguese un cruceiro e, xusto diante da miña ventá, hai unha fonte moi parecida á da praza principal de Ponteburgo. Esta fonte ten enriba a imaxe dunha santa. Estou no convento de Santa Clara, en Ponteburgo, miña nai! Pero non se faga vostede ilusións, non é para casar con Deus. De feito, o Deus da miña infancia xa é un pouco vello para min e eu non estou para aguantar ningún vello, por moi Deus que sexa. Vaia, nin novo. Non quero aturar ningún home nunca máis na miña vida.*

[...]

*Mesmo por veces, esgotada de andar porque camiño horas enteiras antes de volver á casa xa que é a única maneira de prender no sono despois, vexo vir alguén cara a min e figúraseme que é vostede. Daquela apuro o paso e, infinitamente decepcionada, comprobo que me trabuquei, que non é tal. Pasoume onte mesmo en Ponteburgo. Como foi domingo, a aquelas primeiras horas da mañá non había unha alma pola rúa; atravesei a Alameda cara ás Corbaceiras, vou moitas veces cando está bo tempo, gústame sentar onda o peirao a pensar nas miñas cousas, a mirar cara ao mar libre, coma quen mira a eternidade, ou a ler mentres as sardiñas xogan a pratear o fondo da rúa. Xa alí, matinaba eu no moito poder que tiveran noutrora. Grazas á abundancia de sardiña levantarán as xentes do mar a imponente xoia arquitectónica que tiña ás miñas costas. Xireime para comprobar que a basílica seguía alí, tamén a mirar cara ao océano, fachendosa do momento de esplendor económico que representa para a vila. E foi entón cando vin unha muller guapa, de andares delicados coma unha deusa, talmente vostede, miña nai, que regresaba, por fin, dese Olimpo ignoto para me revelar a súa aventura. En vez de correr cara a vostede, como teño feito noutras ocasións, onte quedei inmóbil, chantada coma un pau, agardádoa. Desta volta, estou certa de que era vostede, miña nai. Cheguei a verlle os ollos, o sorriso... Mesmo fixo un sutil movemento de cabeza a xeito de saúdo, pero non se detivo, seguiu camiñando sen pronunciar palabra. “Mamá!”, chameina eu cun berro agónico e foi coma se pronunciase a palabra clave dun esconxuro ruín. Desapareceu. (A **muller Xabari!, Xerais**)*

*Ti vén canto antes e así converterémonos en exploradores. A min tamén me queda moito por descubrir nesta cidade. Asegúroche que nun par de horas podemos percorrela toda, é pequena. Pero, como é máxica, coñecela e desfrutala vains levar mais tempo. Teremos que facelo pouco a pouco, a culleradas, como estou a facer coa cunca de chocolate.*

*Esta noite... Vaia, iso dígocho despois, cando te chame por teléfono. Hai moitas cousas que che quero contar, pero non por e-mail, nin por whatsapp. Non remataría nunca! E ademais non as crerías.*

*Só che adianto que Pontevedra che vai gustar. Chamareite nun instante, estate pendente. [...]*

*Falamos. Pero xa che digo, Pontevedra é moito máis ca prazas fermosas, fontes ornamentais ou milagreiras, pontes, rúas empedradas, comidas sabedeiras ou casco antigo espectacular. Pontevedra é feiticeira!*

*Unha aperta longa coma o río Lérez e forte coma a vella muralla que rodeou a cidade moitos anos. (Filla das ondas. Kalandraka)*

Consciente de que aínda non lle falei da fonte dos Tornos e das augadeiras, de Teucro e da orixe mítica da cidade, das imprentas, dos parladoiros no Carabela, no Savoy, no Méndez Núñez, no Café Moderno..., da casa onde se fundou o Partido Galeguista, de Alexandre Bóveda, do Teatro Principal, das “Emparedadas” da Rúa Tetuán, de Manuel Quiroga, de Carlos Sobrino, de Cuña Novás, de Xoán Manuel Pintos..., de que no lugar do Teatro erguíase noutroira a igrexa de San Bartolomeu o Vello, da imprenta Torres, da súa colección Benito Soto de poesía e do pirata da Moureira que lle deu nome nin do seu tesouro oculto, da Casa das Campás, da antiga muralla, da igrexa redonda da Peregrina e da cuncha xigante de vieira que trouxo do Pacífico o almirante Méndez Núñez, da Botica de don Perfecto, do Papagaio Ravachol..., comezo a agoniarme.

Espertei a medianoite coas sabas enleadas, enchoupada nunha suor febril... Todo fóra un absurdo pesadelo xurdido do meu inminente papel como anfitriño. O que sinto pola cidade na que comecei a formarme, namorei, naceron o fillo e a filla, vivo, soño, a onde regreso das viaxes... ten semellanzas co que é para min a figura da nai, difícil de valorar e de describir obxectivamente porque os afectos e as lembranzas persoais tecen unha deliciosa cortina que mo impide. Nai é unha palabra que enche a boca e se intensifica cos anos ata se converter en inabarcable, iso dificulta a súa descrición e calquera que fagamos sempre nos vai parecer incompleta. Porén, eu podería describir o sabor das súas morcillas doces, das filloas, do carneiro asado con aquelas patacas amarelas, perfectamente redondas coma doas dun colar sabedeiro... “*Pois xa está, farei o que poida, que Zamora non se conquistou nun día!*”, pensei. E volvíñ prender no sono.

De mañá, máis tranquila, erguinme con esa seda branquísima das espléndidas mañás nas que os corredores de luz e os rechouchíos o invaden todo. Ás dez en punto, a carón da fonte de ferro da Praza de Santa María, a miña amiga e mais eu saudámonos

cun efusivo abrazo. Conteille o meu axitado soño e botamos a rir cal adolescentes. Aquelas risas resultaron tan reparadoras que foi coma se a lingua me collese rodas. Alí mesmo, a carón da estatua de Castelao, declamei cal trovadora, a emotiva declaración de amor que o rianxeiro dedicara a Pontevedra en 1947: “*Todo, todo pode acabar en min, menos o amor que sinto por Pontevedra*”. Eu subscribo. Porén, tírame en especial a Pontevedra de fóra da muralla, a da Moureira. Así pois, aproveitando que estabamos preto, achegámonos á basílica de Santa María a Maior e propúxenlle subir as empedradas escaleiras de caracol ata a torre do campanario. Unha vez arriba, faleille efusiva do esplendor da Pontevedra dos s. XV, XVI, XVII... Santa María foi primeiro núcleo de poboación arredor da igrexa románica de Santa María a Antiga, onde posteriormente se construíu a imponente basílica na que nos atopabamos. Aclareille que Moureira vén de salmoira...

Na Moureira de Arriba, a burguesa, a dos estaleiros construírase a carabela *Santa María*, a *Galega*. Faleille dos mariñeiros da zona partindo rumbo ás Américas noutra carabela, a *Pinta*, de navegantes como Pedro Sarmiento de Gamboa (s. XVI, tamén poeta), dos irmáns Nodal (s. XVII), do pirata Benito Soto (s. XIX), da Fragata *Morning Star*. Burla Negra... Mentres uns exploraban o mundo, outros almacenaban o ouro branco no alfolín... Algunhas mulleres achegábanse á fábrica de madeira dos Fonseca onde recollían os recortes sobrantes para prenderen as cociñas económicas... Dende a torre do campanario viamos perfectamente a ponte do Burgo e conteille do cruceiro que había no medio e medio e que agora estaba na Praza da Leña; onda el bautizaban os bebés que nacían mortos; o primeiro transeúnte casual exercería de padriño, tal como mandaban os costumes. Imaxinamos a anterior ponte romana, os arroases a saltar por riba dos arcos e, nas palabras, viaxamos aos s. XVII, XVI, XV... Conteille como os mellores arquitectos, pagados polas xentes do mar cos excedentes de sardiña, foron levantando a imponente Basílica na que nos atopabamos.

Faleille dos tres peiraos comunicados por unha explanada, o gran movemento de mercadorías: viño do Ribeiro, madeira, salgadura... De Paio Gómez Chariño (s. XIII), asasinado en Trujillo polo pontevedrés Rui Pérez Tenorio.

No Campo do Boi estaban os bares, as prostitutas –a Mimitos, a Porriña, a Pili, a Andaluza, Fifi...– que dous días á semana habían de acudir ao Instituto de Hixiene, na Avenida de Vigo, a revisión... Foi don Peregrino Reboiras, que chegou á parroquia en 1956, quen puxera fin a ese vello oficio que pisa a dignidade das mulleres. Curiosamente, os barrios de prostitución adoitan estar preto das catedrais. Mais había



outros vellos oficios menos cuestionados e dos que o nome das rúas da fe: toneleiros, picheleiros, prateiros...

Na *Moureira da Barca*, antes de existir a ponte que leva o seu nome, Ponte da Barca, imaxinamos os barqueiros en plena actividade, seguindo o traxecto dunha beira a outra tirando da corda que cruzaba o río, controlados polos monxes bieitos de Poio que rexentaban o negocio.

Máis ao sur, intuímos a Praza de touros tapada polos edificios, construída en 1900. Nela estivera Castelao no festival de gaitas onde actuaba Avelino Cachafeiro Bugallo, o gaiteiro de Soutelo, autor da Muiñeira de Chantada...

Na *Moureira de Abaixo*, a pescadora, imaxinamos as casiñas con patín aliñadas en ringleira á beira do prateado río. Un peirao por familia, cada familia un alcume: a Pilota, a Patacas, a Tortiña, a Combarresa, a Puchareira, o Xirín, o Panderetas, o Nunú... Os Hórreos, os muíños, os lavadoiros onda o río dos Gafos... Os irmáns Nodal (s. XVII) partindo cara ao mar aberto, repetindo a viaxe que no s. XVI fixera Pedro Sarmiento de Gamboa, para descubrir novos pasos ao Pacífico.

Fantasiámos en ver os mariñeiros rezándolle ao Cristo da Boa Viaxe, que aparece onda a entrada lateral da basílica. Respectando as tradicións, non pronunciarían en toda a viaxe as palabras “cura” nin “raposo” para teren boa pesca. Na despensa do galeón, cebolas, auga doce, allo, pemento doce, patacas, aceite de oliva, pan de boroa... Entremedias, quizais discutiríamos de cal é a mellor receita para unha boa “allada”. Lonxe ían quedando as casiñas de pedra bambeándose na auga; cada pouco máis preto escoitaban o canto das sereas... Quizais sen o saberen, se cruzaron nalgún momento coa Leucoíña que guiou a Teucro ata a Bela Helenes... As rúas converxendo cara á fachada de Santa María a Grande; as Torres Arcebispaís, incluso xa arruinadas polo ataque dun xeneral inglés (vestixios temos no Centro de Interpretación das Torres Arcebispaís); buques de gran calado fondeados nunha ría con máis de 80 m. de profundidade; as pequenas praias; os rochedos... Eles pescando ao *cercos real*, un invento medieval para o que poden facer falta 100 homes. Unha rede que pode ser de 10 km, que fan chegar ata o fondo e que van recollendo pouco a pouco, con numerosas embarcacións intervindo en círculo, coma unha manada de lobos coordinándose para atrapar a presa. Elas, as mulleres, lañando sardiñas ou reparando redes no Campo da Torre, ou facendo calcetíns con cinco agullas...

Imaxino como o poeta e navegante Pedro Sarmiento de Gamboa, s. XVI –logo de recibir a orde de Felipe II de protexer coas súas naves a flota de Indias e os seus

tesouros—, acaba sendo levado por tres veces, en México, diante dos tribunais, por bruxo. E o meu pouso persoal agromando...

Encántame subir aquí e imaxinar que aínda non chegou o s. XIX, cando borraron todo rastro do esplendor marítimo; ver a rica e frenética actividade, dende a Ponte do Burgo ata os emblemáticos Talleres Pazó, máis alá do río dos Gafos, cara ao sur... Neses talleres traballou meu pai dende os 16 ata os 65 anos, construíndo e arranxando motores de barcos. El recordaba os tempos en que dende a súa bicicleta podía ver cada día o brillo prateado que as sardiñas pintaban na ría. Ao mellor foi aí onde se inspirou Castelao para aquilo de “*Se os políticos quixesen as sardiñas volverían á ría*”. Xa Jerónimo del Hoyo, en *Memorias del Arzobispado* de 1620, fala dos excedentes da sardiña na zona. Por certo, nun pequeno embarcadoiro, collíamos no verán a barca a motor dos irmáns Reyes que nos levaba ata a Puntada... Alí, sobre unha toalla relía as cartas de amor que diariamente, dende Colmenar Viejo, Madrid, onde facía a *mili*, me enviaba Mariano.

Eu xa non as podó acordar persoalmente, mais de ler sobre elas nun dos *Adral* de Filgueira Valverde, sinto calafríos só con imaxinar as *Touradas no mar* que tiñan lugar polas Festas da Peregrina. Os arroases cercados, as crueis pedradas da rapazada dende as beiras, os arpóns espetados nos seus lombos dende as embarcacións, a auga tinxida de vermello... Logo, a facer coa graxa o aceite de saín para as lámpadas...

Saltei ao tempo das Gamboas ou Entalladas e, nas ás da imaxinación, levei á miña amiga ata Os Praceres, Lourido... para lles axudarmos aos pescadores nas súas tarefas. Chantamos paus de pé, coas redes cosidas aos devanditos paus, agardamos... E comprobamos, cando subiu a marea e se meteu nas terras, como logo, ao baixar, quedaron os peixes apreixados nas redes.

Dende a singular atalaia faleille, outrosí, da muralla, dos sucesivos ensanches, da primeira obra importante de beiramar en 1900 e entroume melancolía... A nova avenida fixo desaparecer o vello sistema portuario, os estaleiros... Morreu definitivamente a tradicional forma de vida, aínda que, xa antes, os ataques piratas e as enchentes foran cegando a ría. O porto comercial foi perdendo actividade... Non son, acaso, material de novela tanto o cénit da vida portuaria nos s. XV, XVI e XVII coma o declive dos portos pesqueiros e de mercadorías dende finais do s. XVII e todo o XVIII, cando a Moureira sofre ataques de franceses e ingleses, e estes substitúen os viños do Ribeiro polos de Porto?

Desculpa a miña ousadía, querida amiga, pero é que, arroupada por campás e pedras<sup>1</sup>, sempre remato levitando, tal como fixo a Castroforte de Baralla de G. T. Ballester, como única opción para liberarse dos opresores que, nas diferentes épocas, quixeron destruíla. Igual ca Castroforte, tamén

---

<sup>1</sup> Curiosamente, *Campana y piedra* foi o xermolo de *La saga/fuga de J. B.*, tal como o propio Torrente testemuñou: “*La safafuga*... salió de una costilla de *Campana y piedra*, y fue cobrando cuerpo hasta desprenderse y adquirir entidad propia” (Prólogo a *Obras completas*, cit., pp. 82/83)

Pontevedra perdeu unha boa parte do rico legado que podería ter chegado ata nós, sobre todo na, hoxe tan só imaxinada, Moureira. Os sucesivos J. B. da saga, nos diferentes momentos históricos da novela, tentaron salvar a cidade; o último –e un pouco a suma todos eles– foi José Bastida, un profesor de gramática represado na Guerra do 36. Casto Sampedro, Castelao... tamén exerceron no seu día de J. B. tentando salvar vellas construcións. Deseguido, o que faremos será percorrer as súas empedradas arterias e, imitando a Goethe na súa visita a Roma, dirás canda min: *“Faládeme, pedras, que tamén tendes alma!”*